

**RESOLUCIÓN DO 17 DE SETEMBRO DE 2020 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E A BAREMACIÓN PROVISIONAL, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2020, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE**

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 130 do 2 de xullo de 2020) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Con data 26 de xullo de 2019 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas correspondentes as categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, e non constando reclamacións, esta Xerencia de Área,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos e excluídos ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
- Fisioterapeuta
- Grupo auxiliar da función administrativa

**Segundo:** Publicar a **listaxe provisional de baremación**, das categorías relacionadas no apartado anterior.

**Terceiro:** Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos como a listaxe provisional de baremación das devanditas categorías, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee/páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación provisional tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

**Cuarto:** Contra a resolución provisional de baremación os /as aspirantes disporán dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A Coruña, 17 de setembro de 2020

O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

 SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña  
e Cee  
~~XERENCIA~~

Asdo.: Luis Verde Remeseiro